

# Carta aos lectores

**C**hina vive a súa cuarta revolución dende a liquidación do imperio Qing. A proclamación da República en 1911 abriu a esperanza da modernización. A República Popular, anunciada por Mao en 1949, deu un novo impulso ao proceso. En 1978, a adopción da política de reforma e apertura permitiu o verdadeiro Gran Salto Adiante facendo de China unha das maiores economías do mundo. Agora, máis discretamente, sen grandes anuncios nin proclamas, mentres o resto do mundo palidece ante a profundidade da crise financeira global, China senta as bases da culminación desa recuperación da grandeza perdida cando no século XIX os canóns occidentais fenderon a Gran Muralla liquidando por completo os varios séculos de predominio oriental. Pero China aprendeu a lección e agora dispónse a recuperar a posición central do sistema internacional, esta vez aberta ao mundo, se ben sen renunciar por iso a unha identidade que gaña espazos a marchas forzadas na conciencia colectiva.

*A culminación do proceso de modernización, na fase actual, discorre sobre múltiples vías, afectando á economía, á sociedade, a política, a defensa ou as relacións exteriores. En todos eles, a preocupación polo progreso e o pragmatismo condicionan solucións que camiñan a ritmos distintos, inmersas en contradicións e desequilibrios que poden aínda producir sorpresas negativas e facer abalar todo o proceso.*

*En China hai un gran experimento en marcha. Os seus retos son inmensos. Pese ao moito avanzado, os perigos subsisten, tanto na orde interna como na internacional, tal e como nos deixan entrever os colaboradores deste número monográfico. Dende as carencias sociais e políticas, os desafíos ambiental e tecnolóxico, a descentralización político-territorial, etc., ata as relacións coas principais potencias mundiais que meditan sobre a actitude a adoptar con respecto á emerxencia dun coloso que pide paso, os próximos anos, cun novo liderado que debe estrearse en 2012, serán claves.*

*Galicia está practicamente ausente en China. Somos unha anécdota carente de estratexia. A insensibilidade de que veñen facendo ostentación os nosos líderes a todos os niveis respecto á transcendencia do feito chinés é unha irresponsabilidade maiúscula, especialmente se a comparamos coa actitude doutras comunidades autónomas nun Estado caracterizado, en xeral, por un débil esforzo de aproximación á zona economicamente máis dinámica do planeta. O IGADI, que pode exhibir un importante traballo a este nivel, leva anos alertando deste fenómeno. Unha vez máis, dende aquí, reivindicamos a urxencia dun Plan China.*

*China foi tamén unha das preocupacións de Fernando Pérez-Barreiro, membro do noso Consello Reitor dende a súa fundación, quen nos deixou en xaneiro. Tamén fóisenos Fred Halliday, falecido en abril, membro do Consello Académico e bo amigo do IGADI, dúas perdas que lamentamos profundamente.*

*O director*